



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 21 de maio de 2015

Hora de comezo: 13.35 h

Hora de remate: 14.05 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera

Don Manuel Mouriño Varela

Dona Raquel García Fraga

Don Jesús J. Santasmarinas Devesa

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Reclamación de contía polos danos ocasionados na ponte que está sobre o rego de Valpedre, lugar de Donas, Boqueixón**
- 3. Baixa no rexistro municipal de tenza de animais potencialmente perigosos da licenza número 01/2002**
- 4. Licenzas urbanísticas**
- 5. Aprobación de facturas**
- 6. Altas no servizo de saneamento municipais**
- 7. Concesión de axuda de emerxencia social**
- 8. Listaxe participantes no programa prevención da dependencia, altas e baixas**
- 9. Xustificación subvención da Deputación Provincial da Coruña “actividades, investimentos deportivos e contratación dun técnico deportivo”, ano 2014**
- 10. Xustificación subvención da Deputación Provincial da Coruña “actividades culturais” ano 2014**

11. Clasificación das ofertas presentadas para a obra Reparación camiño de Cruce Boqueixón por Maravexás-Santaia-Casaldesuso (PAI)
12. Dar conta das melloras realizadas pola empresa Montaxes Eléctricos Fdez SL, obxecto do contrato de mantemento do servizo de alumado
13. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 7 de maio do 2015.

2.Reclamación de contía polos danos ocasionados na ponte que está sobre o rego de Valpedre, lugar de Donas, Boqueixón

Co obxecto de que se proceda a completar documentación, necesaria para tramitar o expediente, este punto de reclamación de contía polos danos ocasionados na ponte que está sobre o rego de Valpedre, lugar de Donas, Boqueixón, queda sobre a mesa.

3.Baixa no rexistro municipal de tenza de animais potencialmente perigosos da licenza número 01/2002

Acordo de baixa no rexistro municipal de tenza de animais potencialmente perigosos.

4.Licenzas urbanísticas

a) Ratificación informe técnico en relación coa rehabilitación de edificio de antiga escola unitaria para vivenda unifamiliar. Expediente 15/0511, de 23 de marzo de 2015.

Con data do 23 de marzo de 2015 (rexistro de entrada núm. 15/0511), a nome de Xosé xxxxx, con NIF xxxxx, preséntase un expediente de solicitude de licenza municipal de obras, **previa autorización autonómica**, para a rehabilitación de edificio de antiga escola unitaria para vivenda unifamiliar, situada no lugar de xxxxx, na parroquia de Vigo, e emprazada urbanísticamente en SOLO RÚSTICO, segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente pola Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas, en base á Orde do 6 de febreiro de 2015 (DOG número 32, de data do 17/02/2015).

Ao tratarse dun uso en solo rústico, autorizable pola Comunidade Autónoma, e tendo en conta o procedemento que se establece no artigo 41, da Lei 9/2002 do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e posteriores modificacións, o expediente permanece exposto ao público durante 20 días, no taboleiro de anuncios do concello, e mediante anuncio no periódico “*el correo gallego*” (publicado con data do 10/04/2015), **non presentándose alegacións o mesmo.**

Considerando que o proxecto técnico presentado, reúne os requisitos esixibles, e que as obras propostas, son competencia da Comunidade Autónoma, a Xunta do Goberno Local, Órgano Municipal que ten atribuída a competencia para outorgar as licenzas de obra, acorda:

1º.- Ratificar o informe técnico, que emite a arquitecta María Carmen Novoa Sío, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, con data do 6 de abril de 2015, relativo á solicitude presentada por Xosé xxxxx, para a rehabilitación de edificio de antiga escola unitaria para vivenda unifamiliar, situada no lugar de xxxxx, na parroquia de Vigo

2º.- Dar traslado do expediente completo á Consellería competente en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, aos efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e posteriores modificacións.

B) Concesión licenza municipal de división de finca mediante segregación e agregación a parcela lindeira, en xxxxx Sergude. Exp. 15/0250.

ANTECEDENTES:

Con data do 10/02/2015 (registro de entrada 15/0250), por dona M^a del Carmen xxxxx, con DNI núm. xxxxx e outros promotores, preséntase un proxecto técnico de segregación e agregación de finca, sita no lugar de xxxxx, parroquia de Sergude, e emprazadas urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural.

Con data do 25/02/2015, polos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase un **Informe Técnico**, no que se fan constar unha serie de observacións, que obrigan aos promotores a presentar un anexo coas modificacións sinaladas neste.

Con data do 05/03/2015 (registro de saída 15/154), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento dos promotores, que deben presentar a documentación xustificativa correspondente, que recolla tódalas modificacións esixidas en dito informe técnico.

Con data do 13/04/2015, (registro de entrada número 15/665), por María Carmen xxxxx, preséntase un anexo coa documentación requirida no informe técnico de data do 25/02/2015.

Con data do 15/04/2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal de segregación e agregación a parcela lindeira, por importe de 123,24 € (ingresada aos efectos con data do 10/02/2015); polo que unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder, a D^a M^a del Carmen xxxxx e outros, a licenza municipal, para a división de finca mediante segregación e agregación a parcela lindeira, situadas no lugar de xxxxx, na parroquia da Sergude, e emprazadas urbanísticamente en solo de núcleo rural, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

Núm. do expediente: 2015/0250

01. Promotores da licenza: M^a DEL CARMEN e outros xxxxx
02. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL
03. Tipo de licenza: DIVISIÓN DE FINCA MEDIANTE SEGREGACIÓN E AGREGACIÓN A PARCELA LINDEIRA
04. Situación e emprazamento: SERGUDE
05. Técnico autor do proxecto: JORGE VALES FERNÁNDEZ. Arquitecto

Descrición das parcelas iniciais e das parcelas resultantes

1.- PARCELAS INICIAIS:

- **Parcela 1:** parcela 469 do plano de concentración parcelaria de San Breixo de Sergude, con referencia catastral 15012C505004690000DZ e cunha superficie de 6757,00 m². Linda: Norte, con camiño, Josefa xxxxx e Manuel xxxxx (fincas 467 e 468 respectivamente da concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude); Leste, con Eugenia xxxxx e Manuel xxxxx (fincas 470 e 471 respectivamente da concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude); Sur, con Marcelino xxxxx (finca 482 da Concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude) e presa do muíño; e Oeste, con Manuel xxxxx (finca 468 da concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude) e con parcela nº 5099 (excluída de Concentración Parcelaria)
- **Parcela 2:** parcela 5099, excluída de concentración parcelaria, con referencia catastral 15012C505050990000DS e cunha superficie de 862,00 m². Linda: Norte, con Josefa xxxxx (finca 467 da concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude); Leste, con finca 469 da concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude; Sur, con Marcelino xxxxx (finca 482 da concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude) e coa finca 469 da concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude; e Oeste, con Núcleo Rural de Deseiro de Abaixo.

2.- SEGREGACIÓN DA PARCELA 1 (Parcela 469, de 6.757,00 m²):

- Parcela segregada 1-a: porción de terreo, cunha superficie de 1.013,55 m². e que linda: Norte, parcela 467; Leste, parcela 469; Sur, parcela 469; e Oeste, parcela 5099
- Resto da parcela 1 matriz: parcela cunha superficie de 5.743,45 m². e que linda: Norte, con camiño, parcela 467 e parcela 468; Leste, con parcela 470 e parcela 471; Sur, con parcela 482 e presa do muíño; e Oeste, con parcela 468 e parcela 5099.

3.- AGRUPACIÓN DE PARCELAS:

- Agrupación da parcela segregada 1-a (1.013,55 m²) + parcela 2 inicial (862,00 m²), resultando unha parcela de 1.875,55 m².

4.- PARCELAS RESULTANTES FINAIS:

Parcela A:

Resultante da agrupación da parcela segregada 1-a, coa parcela 2 inicial.

Parcela cunha superficie de **1.875,55 m²**. Linda: Norte, con camiño e parcela 467; Leste, con parcela 479; Sur, con parcela 469; e Oeste, con Núcleo Rural de Deseiro de Abaixo.

Parcela B:

Resto da parcela matriz 1 inicial.

Resto da parcela número 469 da Zona de Concentración Parcelaria de San Verísimo de Sergude, Concello de Boqueixón, e cunha superficie de **5.743,45 m².**, e que linda: Norte, con camiño, parcela 467 e parcela 468; Leste, con parcela 470 e parcela 471; Sur, con parcela 482 e presa do muíño; e Oeste, con parcela 468 e parcela 5099.

5.Aprobación de facturas

A.- Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de **52.543,50** euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	MANTEMENTO INFORMÁTICO MES DE ABRIL	920	21600	594,00 €
2	MONTAXES ELECTRICOS FERNANDEZ, S.L.	MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO MES DE ABRIL	165	21000	3.771,17 €
3	RICOH ESPAÑA S.L.U.	FOTOCOPIAS COR MARZO	920	21300	748,37 €
4	SOC. EST. CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A.	Rect. / Carta Certificada GE 0 - 20 gr N D1(GRANDES CIUDADES) G-0 (01 EXENTO) / Carta Certificada GE 0 - 20 gr N LOC	920	22201	228,91 €
5	SOCIEDAD DE PREVENCIÓN DE FREMAP S.L.U.	PREVENCIÓN TÉCNICA E VIXILANCIA SAUDE 2º TRIMESTRE	920	22799	506,65 €
6	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO CORREOS MES DE ABRIL	920	22200	25,76 €
7	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO FAX MES DE ABRIL	920	22200	49,15 €
8	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO ALARMA MES DE ABRIL	920	22200	41,21 €
9	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO GARDERIA MES DE ABRIL	920	22200	47,57 €
10	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELEFÓNICO P. CIVIL MES DE ABRIL	920	22200	29,75 €
TOTAL					6.042,54 €

Aprobación de facturas pendente de pago:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	PAPELETAS ELECCIÓN MUNICIPALIS	920	22001	1.996,50 €
2	ARTES GRÁFICAS ALONSO S.L.	DISEÑO E MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN DE TRIPTICOS	920	22001	388,98 €
3	ASCENSORES ENOR, S.A.	MANTEMENTO ASCENSORES MES DE MAIO	920	21300	5.686,92 €
4	ATENDO CALIDADE, S.L.	HORAS FESTIVAS / HORAS LABORAIS DEPENDENCIA	231	22799	7.669,13 €
5	ATENDO CALIDADE, S.L.	HORAS LABORAIS LIBRE CONCURRENCIA	231	22799	582,00 €
6	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	ANTICONXELANTE, GRASA, PILOTO CAMIÓN DO LIXO	1621	21300	698,78 €
7	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	REPARAR ARRANQUE GRUPO ELECTRÓXENO	1532	21300	281,69 €
8	BOTANA GRANJA, MANUEL	BRIDAS, POLIETILENO E COPIA CHAVE	151	21200	156,45 €
9	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO SEGÚN REX. Nº15/883	165	22100	2.224,95 €
10	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	RECOGIDA DE RESIDUOS Del 01/03/2015 al 31/03/2015	1623	21200	388,98 €
11	COMERCIAL SÁNCHEZ Y TORRES SC	REPARACIÓN DESBROZADORA E CORTASETOS,...	171	21300	459,55 €
12	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	RENOVACIÓN WEBHOSTING E TONER IMPRESORA	920	21200	76,23 €
13	COMPOSTELANA DE GAS 2011, S.L.	SUMINISTRO DE GAS CAMPO DE FÚTBOL DO FORTE	342	22102	78,27 €
14	CULTURATIVA SOC. COOPERATIVA GALEGA	ACTUACIÓN CASA DA CULTURA DE CAMPORRAPADO	334	22609	665,50 €
15	DISPAGAL GALICIA, S.L.	MATERIAL DE LIMPEZA LOCAIS MUNICIPAIS	920	21200	143,84 €

16	EDITORIAL COMPOSTELA S.A.	1004 TERRAS SANTIAGO (ANTIGA ESCOLA UNITARIA)	920	22001	314,60 €
17	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA SL	CONTROL AMBIENTAL VERTEDEIRO DE LAMAS	171	21300	1.699,30 €
18	ESCOLA DE FUTBOL BOQUEIXÓN	SERVIZO DE MONITORES MES DE ABRIL	341	22609	188,08 €
19	FOGA	MANTEMENTO FOTOCOPIADORAS MES DE MAIO	920	21300	420,63 €
20	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚB. SEGÚN REX. Nº 15/841	165	22100	658,49 €
21	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO SEGÚN REXISTRO Nº 15/842	165	22100	34,29 €
22	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	1.064,33 €
23	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	98,47 €
24	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	445,39 €
25	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	314,65 €
26	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	242,19 €
27	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	264,08 €
28	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	899,32 €
29	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ELECTRICO	165	22100	451,92 €
30	LIMPIEZAS SALGADO, S.L.	MATERIAL LIMPEZA LOCAIS MUNICIPAIS	920	21200	3.630,00 €
31	LOPEZ CARRO, JOSE JUAN	REPARACIÓNS MARQUESINAS DE LESTEDO, MAREQUE...	1532	21200	109,09 €
32	NEIRA CRISTOBO, YOLANDA	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23020	156,56 €
33	NEIRA CRISTOBO, YOLANDA	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23020	53,92 €
34	SOGAMA	TRATAMENTO RU ABRIL 2015	1623	21200	4.934,00 €
35	TORRES VAZQUEZ, DAVID	SUMINISTRO MATERIAIS PARA MANTEMENTOS VARIOS	920	21200	5.732,88 €
36	ULLA OIL, S.L.	GASOIL DEPÓSITOS P. CIVIL	1532	22103	3.291,00 €
TOTAL					46.500,96 €

6. Altas no servizo de saneamento municipais

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
María xxxxx	xxxxx	Loureda	54,86 €
Mercedes xxxxx	xxxxx	Loureda	54,86 €
José xxxxx	xxxxx	Loureda	54,86 €
José xxxxx	xxxxx	Loureda	54,86 €
José xxxxx	xxxxx	Loureda	54,86 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas son para vivendas/explotación agrícola.

Todos os beneficiarios aboaron as taxas no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achegan xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo a cada un dos beneficiarios citados anteriormente .

7.Concesión de axuda de emerxencia social

Concesión dunha axuda de emerxencia social

8.Listaxe participantes no programa prevención da dependencia, altas e baixas

Co obxecto de que se proceda a completar documentación queda sobre a mesa este punto referente a listaxe de participantes no programa prevención da dependencia, altas e baixas.

9.Xustificación subvención da Deputación Provincial da Coruña “actividades, investimentos deportivos e contratación dun técnico deportivo”, ano 2014

No Boletín Oficial da Provincia ,número 217,con data de xoves 14 de novembro de 2013 , saíu a convocatoria de programas de subvencións para concellos e entidades locais para:

- Realización de actividades deportivas durante o ano 2014.
- Realización de investimentos deportivos durante o ano 2014.
- Contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2014.

No BOP número 109 ,de 10 de xuño de 2014 ,aparece a resolución definitiva de concesión de subvención para realización de actividades deportivas durante o ano 2014 por importe de 3.999'75€ para actividades deportivas:escolas deportivas e actividades puntuais.(Cod.Exp.2013049281)

No BOP número 124 ,de 2 de xullo de 2014 ,aparece a resolución definitiva de concesión de subvención para a realización de investimentos deportivos durante o ano 2014 por importe de 5.450'38€ para infraestructuras deportivas :millora e arranxo de vestiarios e cerre campo de O Forte. (Cod.Exp:2013049251)

No BOP número 121 ,de 27 de xuño de 2014 ,aparece a resolución definitiva para a contratación de persoal técnico deportivo durante o a ano 2014 por importe de 6.757'07€ sendo a cantidade a xustificar 11.261'78€ para contratación de técnico deportivo.(Cod.Exp:2013049249)

A xustificación de ditas subvencións realizouse despois de cumprir os requisitos sinalados nas bases da convocatoria adxuntándose a documentación pertinente (memorias xustificativas,facturas e relacións de conceptos de gasto,pagos ,etc..)

Así tendo cumpridos todos os requisitos necesarios e as condicións impostas na concesión de ditas subvencións,adxuntanse a documentación que acredita a xustificación de ditas subvencións.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar as memorias xustificativas das actuacións (actividades,investimentos e contratación técnico deportivo).(adxuntanse as diferentes memorias)

2. Imputar e presentar a relación clasificada dos pagos realizados, con identificación de acreedores, dos conceptos de gasto de documentos co fin de xustificar as subvencións relativas a actividades e investimentos deportivos relativos a 2014 ;así como as nóminas relativas a contratación dun técnico deportivo.(adxuntanse tablas)

ACTIVIDADES DEPORTIVAS: ESCOLAS DEPORTIVAS E ACTIVIDADES PUNTUAÍS.(Cod.Exp.2013049281).

Concepto aprobado na concesión	Datos do acreedor			Documento xustificativo					Importe Imputado
	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade completo	NIF	Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data documento	Nº documento	Data pago	Importe do documento (Indicar só si non coincide co importe imputado)	
Gastos monitoraxe escolas deportivas	ESCOLA DE FÚTBOLBOQUEIXÓN	xxxxx	Servizo Monitoraxe	Factura	30/11/14	B14000013	23/12/14		1.360'00€
Gastos monitoraxe escolas deportivas	ESCOLA DE FUTBOL BOQUEIXON	xxxxx	Servizo Monitoraxe	Factura	31/10/14	B14000011	12/11/14		1.100'00€
Campus deportivo	VAGALUME XESTIÓN INTEGRAL DE SERVIZOS S.L	xxxxx	Monitoraxe	Factura	22/09/14	14/090	12/11/14		3.504'49€
Gastos transporte escolas deportivas	RICARDO ROMERO PÉREZ	xxxxx	Kilometraxe Escolas Deportivas	Liquidacion Gastos	01/06/14	14/1229	09/07/14		431'68€
									6.396'17€

INFRAESTRUCTURAS DEPORTIVAS :MILLORA E ARRANXO DE VESTIARIOS E CERRE CAMPO DE O FORTE. (Cod.Exp:2013049251).

Concepto aprobado na concesión	Datos do acreedor			Documento xustificativo					Importe imputado
	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade completo	NIF	Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data documento	Nº documento	Data pago	Importe do documento (Indicar só si non coincide co importe imputado)	
MILLORA E ARRANXO VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL	ESTUDIO TÉCNICO GALEGO S.A	xxxxx	ASISTENCIA TÉCNICO-URBANISTICA	FACTURA	28/02/14	022/14	26/03/14		2.011'83€
MILLORA E ARRANXO	JOSE.Mª.SOUTO TEMES	xxxxx	RESUMEN GENERAL	NOMINA MARZO	01/03/14	EMPLEADO 160	01/03/14		2.640'46€

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo						Importe imputado
VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL			NOMINAS						
MILLORA E ARRANXO VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL	JOSE.Mª.SOUTO TEMES	xxxxx	RESUMEN GENERAL NOMINAS	NOMINA ABRIL	01/04/14	EMPLEADO 160	01/04/14		2.640'46€
MILLORA E ARRANXO VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL	J.GONZALO TORRES GIL	xxxxx	RESUMEN GENRAL DE NOMINAS	NOMINA MARZO	01/03/14	EMPLEADO 3770	01/03/14		2.043'39€
MILLORA E ARRANXO VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL	J.GONZALO TORRES GIL	xxxxx	RESUMEN GENRAL DE NOMINAS	NOMINA ABRIL	01/04/14	EMPLEADO 3770	01/04/14		2.043'39€

CONTRATACIÓN DE TÉCNICO DEPORTIVO.(Cod.Exp:2013049249).

NOME E APELIDOS DO/A TRABALLADOR/A: RICARDO ROMERO PÉREZ									NIF DO/A TRABALLADOR/A: 33.288.267-E				
IMPORTE MEN SUAL	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total Anual
Nómina: total devengado	1.440'59	1.440'59	1.440'59	1.440'59	1.779'64	1.440'59	2.881'18	1.440'59	1.440'59	1.440'59	1.440'59	2.881'18	
Seguro de vida social a cargo da empresa	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	531'87	
TOTAL MES	1.972'46	1.972'46	1.972'46	1.972'46	2.311'51	1.972'46	3.413'05	1.972'46	1.972'46	1.972'46	1.972'46	3.413'05	26.889'75

3. O importe total que se xustifica é de de 3.999'75 € para actividades deportivas:escolas deportivas e actividades puntuais.(Cod.Exp.2013049281); de 5.450'38 € para infraestructuras deportivas millora e arranxo de vestiarios e cerre campo de O Forte. (Cod.Exp:2013049251) e de contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2014 por importe de 6.757'07 € sendo a cantidade a xustificar 11.261'78 € para contratación de técnico deportivo.(Cod.Exp:2013049249)

4. Que o gasto xustificado ,e obxecto de axuda, se reflectiu na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto na Lei 38/2013 do 17 de novembro e nas propias condicións de dita convocatoria.

5. Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos relativos a ditas subvencións.

6. Que a entidade executou e obtivo as licenzas e autorizacións perceptivas que acreditan o cumprimento da legalidade urbanística e o respecto do patrimonio histórico-artístico e o medio nas obras nas obras de investimentos deportivos 2014 consistentes na adecuación dos vestiarios do campo de fútbol así como na colocación dunha maia no peche do campo de fútbol de O Forte.

7. Que para o mesmo obxecto, non se obtiveron subvencións ou calquera outra fonte financiamento, de calquera outra entidade pública ou privada.

8. Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades, investimentos e contratación do técnico deportivo para as que foi concedida.

9. Aprobar as memorias explicativas da actividade na que consta o cumprimento dos obxectivos cumpridos, datas e números de beneficiarios.

10. Xustificación subvención da Deputación Provincial da Coruña “actividades culturais” ano 2014

No BOP nº 217, do 14 de novembro de 2013 saíron publicadas as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a concellos e outras entidades locais, da Deputación Provincial da Coruña para o ano 2014 e a convocatoria do programa de subvencións para realizar actividades culturais durante o ano 2014.

Na xunta de goberno do 5 de decembro de 2013, acordouse solicitar unha subvención para Actividades Culturais, por un importe total de 20.250 euros.

No BOP 116 do 19 de xuño do 2014 publícase a resolución definitiva da concesión de subvencións para a realización de actividades culturais durante o ano 2014 cun importe de 5.194,12 € e un presuposto subvencionado que se ha de xustificar polo mesmo importe.

O prazo de xustificación remata o 31 de maio de 2015.

Tralo exposto anteriormente, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Imputar a seguinte relación clasificada dos pagos realizados, con identificación **dos acredores** (nome e apelidos/razón social e o NIF ou CIF), **dos conceptos de gasto de documentos** (concepto, nº de factura ou documentos equivalente, importe do documento, data de emisión, data e medio de pago e por último importe imputado):

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo						Importe imputado
	NOME		Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data documento	Nº documento	Data pago	Importe do documento (Indicar só si non coincide co importe imputado)	
	Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade completo	NIF							
Campamento	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo						Importe imputado
de inglés								-----	
Cursos de informática	Inforbyte-Jorge Iglesias López	xxxxx	Cursos de informática	factura	18/12/2014	1529	31/12/14	1.080,00	1.080,00
Escola de teatro	David Fernández Neira	xxxxx	Escola de teatro	factura	10/10/2014	21	23/12/14	1020,00	1020,00
Axenda cultural "Xanela"	Jadfel Artes Gráficas	xxxxx	Revistas Xanela	factura	12/05/2014	A/404	06/08/14	594,11	594,11
	Artes Gráficas Alonso	xxxxx	Revistas Xanela	factura	17/09/2014	A14/78	09/10/14	495,04	495,04
	Artes Gráficas Alonso	xxxxx	Revistas Xanela	factura	05/12/2014	A14/195	23/12/14	411,84	411,84
Encontro de grupos folclóricos	Artes Gráficas Alonso	xxxxx	100 Carteis	factura	17/09/2014	A14/79	09/10/14	163,35	163,35
Día das Letras	José Bermúdez Reboredo	xxxxx	3 vales agasallo	factura	27/08/2014	30614E	25/09/14	150,00	150,00
Obradoiros culturais	David Fernández Neira	xxxxx	Obradoiros culturais	factura	15/11/2014	25	23/12/14	1000,00	1000,00
	Area informática-Benjamín Collantes Vieiro	xxxxx	Material obradoiros culturais	factura	08/11/2014	177 /A14	25/11/14	564,39	564,39

2º) Imputar o seguinte porcentaxe da nómina do dinamizador socio cultural que interveu nas actividades programadas:

NOME E APELIDOS DO/A TRABALLADOR/A: PASCUAL VILLAVARDE NÚÑEZ		
NIF DO /A TRABALLADOR/A: 78795406M		
IMPORTE MENSUAL	Maio	TOTAL ANUAL
Nómina: total devengado	1545,18 €	
Seguridade social a cargo da empresa	603.41€	
TOTAL MES	2.148,59 €	2148,59 €
PORCENTAXE DA XORNADA LABORAL IMPUTADA		9,39%
IMPORTE IMPUTADO= Total anual x Porcentaxe da xornada laboral imputada		201,70 €

3º.- O importe total que se xustifica é de 5.680,43 euros.

4º.- Que para a actividade de informática, incluída na programación obxecto de solicitude, obtivéronse ingresos dos participantes por importe total de 430 €, ingresados 370 € na conta do Concello de Boqueixón número xxxxx € na conta da mesma entidade número xxxxx. Non se obtiveron outras subvencións de entidades públicas/privadas.

5º.- Aprobar a memoria explicativa das actividades realizadas, na que consta o cumprimento da finalidade, así como ter cumpridos os requisitos e condicións impostas xunto cos resultados obtidos.

6º.- Que a entidade fixo constar na publicidade da actividade subvencionada a colaboración da Deputación da Coruña.

7º.- Que non se ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.

8º.- Que esta entidade ten aprobada a Conta Xeral do exercicio de 2013 e tena presentada ante os órganos de control externos correspondentes.

9º.- Que o gasto xustificado, obxecto da axuda, se reflectiu, na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e, sendo polo tanto contabilizado e pagado.

10º.- Dar conta deste acordo de xustificación á Excma. Deputación Provincial da Coruña.

11. Clasificación das ofertas presentadas para a obra Reparación camiño de Cruce Boqueixón por Maravexás-Santaia-Casaldesuso (PAI)

Na Xunta de Goberno realizada o día 16 de abril de 2015, acordouse iniciar os trámites para a contratación da obra denominada “Reparación camiño de cruce Boqueixón por Maravexas – Santaia- Casaldesuso (Codeso) ” por un importe de 122.331,54 euros

Asi mesmo, acordouse solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Obras y Viales de Galicia, SL

Alcomte Galicia,SL

Atlántica de Construcción y Medioambiente,SL

Ó mesmo tempo publícase o anuncio correspondente no perfil do contratista.

No prazo establecido para o efecto recíbense ofertas das 3 empresas.

De seguido ábreanse os sobres que conteñen as ofertas económicas seguintes:

Empresas	Oferta económica sen IVE	IVE
Obras y Viales de Galicia, SL	101.100,45	21.231,09
Alcomte Galicia,SL	101.100,00	21.231,00
Atlántica de Construcción y Medioambiente,SL	101.100,45	21.231,09

O día 13 de maio de 2015, ten entrada no rexistro do concello (15/933) o informe técnico valorativo dos criterios establecidos no prego e a valoración técnica das ofertas presentadas e asinado polo enxeñeiro don Julio C. Rojo Martínez, que a continuación se transcriben literalmente:

“INFORME DE CRITERIOS DE VALORACIÓN TÉCNICA DE OFERTAS PRESENTADAS

OBRA: REPARACION CAMIÑO DE CRUCE BOQUEIXON POR MARAVEXAS-SANTAIA-CASALDESUSO (CODESO)

CONCELLO: BOQUEIXON

O técnico que subscribe, autor do informe de valoración técnica das ofertas presentadas para a licitación da mencionada obra, e a petición do Boqueixón, redacta o presente informe cos criterios empregados que resultan na puntuación outorgada.

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán para a contratación mediante concurso con procedemento negociado sen publicidade das obras contempladas no proxecto “Reparación camiño de Cruce Boqueixón por Maravexás-Santaia-Casaldesuso (Codeso)” establece, nos criterios de valoración, dúas Fases:

➤ Fase I: Criterios cuantificables mediante xuízos de valor, onde se inclúe con carácter xeral:

- Programa de traballo
- Programa de actuacións medioambientais
- Plan de Control de calidade da obra
- Esquema do Plan de Seguridade e Saúde

➤ Fase II: Criterios cuantificables de forma automática mediante a aplicación de fórmulas, onde se valoran as ofertas económicas presentadas.

Para a valoración da Fase I establecéronse os baremos que a continuación se indican, adaptados ós xerais, que dan como resultado as puntuacións obtidas.

No apartado a) “Programa de traballo” e ata un máximo de 17 puntos:

- Específico e adaptado a obra: De 17 a 11 puntos
- Xenérico e parcialmente adaptado: De 10 a 2 puntos
- Insuficiente: 1 punto
- Non adaptado ou incompleto: 0 puntos

Segundo este baremo, o programa de traballo presentado pola empresa OVIGA, específico e adaptado pero sen acadar o nivel de concreción necesario polo que se lle otorga 12 puntos, os presentados por ATLANTICA e ALCOMTE GALICIA resultan xenéricos e parcialmente adaptados polo que se lles otorgan 10 puntos a cada un.

No apartado b) “Programa de actuacións medioambientais” establécense, ata un máximo de 8 puntos, os seguintes criterios:

- Específico e adaptado a obra: De 8 a 6 puntos
- Xenérico e parcialmente adaptado: De 5 a 2 puntos
- Insuficiente, non adaptado ou incompleto: 1 puntos

Segundo este baremo, puntuouse con 7 puntos o programa de actuación medioambiental presentado por OVIGA e con 6 puntos os presentados por ATLANTICA e ALCOMTE GALICIA, por resultar específicos e adaptados a obra pero dependendo do nivel de concreción que arrojan.

Para o apartado c) “Plan de control de calidade” o prego establece explicitamente os criterios de valoración a aplicar. Segundo estes, o plan de control interno de calidade presentado por OVIGA considérase específico e adaptado a obra pero sen o grado de concreción necesario para otorgarlle os 3 puntos, polo que se valora con 2 puntos, mentres que o presentado por ATLANTICA considérase xenérico e parcialmente adaptados polo que se valora con 1 punto e ALCOMTE GALICIA non presenta plan de calidade polo que non recibe puntuación por este criterio.

A puntuación da porcentaxe de control interno de calidade resulta en 1 para OVIGA por ofertar a maior porcentaxe (6%), de 0 puntos para ALCOMTE GALICIA por non ofertar porcentaxe para control interno de calidade e ATLANTICA non inclúe este apartado na súa oferta.

A empresa OVIGA expresa porcentaxe adicional de control externo de calidade 3% polo que se lle otorga 9 puntos por este criterio de valoración mentres que ALCOMTE GALICIA non oferta porcentaxe adicional para control externo de calidade e ATLANTICA non inclúe este apartado na súa oferta, polo que se lles otorga 0 puntos.

Para o apartado d) “Esquema do Plan de Seguridade e Saúde” e ata un máximo de 12 puntos:

- *Específico e adaptado a obra: De 12 a 6 puntos*
- *Xenérico e parcialmente adaptado: De 5 a 2 puntos*
- *Insuficiente, non adaptado ou incompleto: 1 punto*

Todas as empresas obteñen 10 puntos por presentar un esquema do Plan de Seguridade e Saúde axeitado á obra pero sen o nivel de concreción necesario para acadar a máxima puntuación.

Para que conste ós efectos oportunos, asino o presente informe en Boqueixón a once de maio de dous mil quince.

Asdo. Julio C. Rojo Martínez

Enxeñeiro de Camiños, C e P.

Col. 3.871

INFORME DE VALORACION TECNICA DE OFERTAS PRESENTADAS

OBRA: REPACION CAMIÑO DE CRUCE BOQUEIXON POR MARAVEXAS- SANTAIA-CASALDESUSO (CODESO)

CONCELLO: BOQUEIXON

Julio C. Rojo Martínez, Ingeniero de Caminos, informa que examinadas las documentaciones presentadas en la licitación de las obras de referencia, a su juicio, y en función de los criterios contenidos en el Pliego de Cláusulas Administrativas, la valoración alcanzada es la que sigue:

CONTRATISTAS	a) PROGRA MA TRABAJO	b) PROGRA MA ACTUA CION AMBIEN TAL	c) PLAN CONTROL CALIDAD			d) PLAN DE SEGUIR DAD Y SALUD	TOTAL
			PLAN	% CI	%CE		
ALCOMTE GALICIA	10,00	6,00	0,00	0,00	0,00	10,00	26,00
ATLANTICA	10,00	6,00	1,00	0,00	0,00	10,00	27,00
OVIGA	12,00	7,00	2,00	1,00	9,00	10,00	41,00

BOQUEIXON, 11 de mayo de 2015
EL INGENIERO DE CAMINOS
Fdo. Julio C. Rojo Martínez”

Á vista dos datos reflectidos a Xunta de Goberno acorda:

1 Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, tendo en conta que as valoracións das ofertas económicas son realizadas polo programa de valoración de ofertas que a Deputación da Coruña ten na súa páxina de contratación:

Empresas	A	B	C	D	Valoración oferta	Puntuación Total
Oviga, SL	12	7	12	10	0	41.00
Atlántica de Construcción y Medioambiente,SL	10	6	1	10	0	27.00
Alcomte Galicia,SL	10	6	0	10	0	26.00

2 Requirir ó licitador con maior puntuación para que presente, no prazo de 10 días hábiles, a documentación que se sinala na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas conforme co establecido na art. 146.4 da Lei de contratos na súa redacción dada pola lei 14/2013 do 27 de setembro, de apoio ós emprendedores e a súa internacionalización.

Tamén presentarán o correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluído o IVE

12.Dar conta das melloras realizadas pola empresa Montaxe Eléctricos Fdez SL, obxecto do contrato de mantemento do servizo de alumado

Con data 3 de decembro de 2012 asinouse coa empresa Montaxe Eléctricos Fernández SL o contrato mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios para o servizo de conservación, reparación e mantemento do alumado público de Boqueixón, cunha duración de 4 anos, con posibilidade de prórroga por 2 máis.

No contrato asinado coa empresa Montaxe Eléctricos Fernández SL figuran recollidas na proposta presentada pola empresa, un listado de melloras para realizar ó longo do tempo do contrato por un importe total de 126.384,80 euros.

Desde o mes de decembro de 2012, data na que se asinou o correspondente contrato, a empresa foi realizando obras, solicitadas desde as dependencias municipais, e foise incluíndo o seu custo no importe das melloras.

Con data 14 de xaneiro de 2015, a empresa entregou o listado das obras realizadas desde decembro de 2012 ata decembro de 2014. Despois de facer o estudo das mesmas procedeuse á devolución das que non se estaba conforme e comunicouse á empresa que a mes de febreiro tiña xustificado, en melloras, o importe de 68.889,49 euros.

Posteriormente, no mes de marzo, concretamente o día 20 de abril, preséntase outra relación de melloras que foron ordenadas polo correspondente órgano, para que se proceda á súa aprobación.

O total do importe presentado ascende a 5.473,45 euros.

Polo tanto, e para dar conta do importe acumulado de melloras, a día de hoxe, a Xunta de Goberno dá conta de que o importe total das melloras acumuladas é de 74.362,94 euros, e quedan pendentes por xustificar 52.021,86 euros.

Darase conta ó Servizo de Contratación deste acordo para o seguimento do correspondente contrato.

13.Rogos e preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A secretaria

Visto e praxe
O alcalde